*No caso de que a xustificación fose incorrecta procederíase ao inicio de expediente de reintegro da subvención.”*

4.- Comunicarlle aos Clubes/Entidades Deportivas indicados no punto 2 desta Resolución que conforme as bases de subvención desta convocatoria, deberán presentar a Conta Xustificativa con toda a documentación que se lle require no apartado 9 das citadas bases que dí leteramente o seguinte: **“9.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA):**

*Unha vez aprobada a subvención, será notificada telemáticamente aos/ás interesado/as, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante. (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), para proceder á presentación da Conta Xustificativa.*

*O importe dos gastos xustificandos deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención, así como a subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do importe total do balance de gastos presentado.*

*Os Clubes/Entidades Deportivas terán a súa disposición na Sede Electrónica no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes no catálogo de procedemento 30003 a **Conta Xustificativa e anexos nos modelos normalizados, que deberán cubrir e asinar polo representante legal do Club/Entidade Deportiva, e presentar polo citado catálogo na Sede Electrónica anteriormente indicada na sección Fundación de Deportes unha vez cubertos.***

*Os Clubes/Entidades Deportivas deberán **presentar a seguinte documentación, referida á tempada 2023/24, dende o 1 de agosto de 2023 ao 31 de xullo do 2024 e,***



se a **actividade deportiva se desenvolve no ano natural**, corresponderá ao **ano 2024**:

9.1.- **Anexo II.- Conta Xustificativa** debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante e, na que figura unha declaración xurada na que se sinala:

a) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social, Axencia Tributaria e, coa Consellería de Economía e Facenda, no caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. Así como, no caso que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requerirá aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.

b) As axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade.

c) Que adopta o compromiso que fundamenta o recoñecemento da obriga da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Que se fixo a debida divulgación do financiamento da Fundación de Deportes na actividade subvencionada.

e) Que o Club/Entidade Deportiva ten cumprido o obxecto da subvención concedida para a devandita actividade.

9.2 **Anexo III.- Relación de facturas de gastos** realizados nas actividades obxecto da subvención, (deberase cubrir todas as columnas do anexo) e asinada dixitalmente polo representante, conforme ao sinalado no apartado 6.2, ordenada por conceptos (segundo balance gastos e ingresos presentado) e dentro deste, por proveedor (nº factura e data, de mais antiga á mais nova), acompañada de todas as facturas (co mesmo orde indicada na relación) e o seu correspondente xustificante de pago detrás da súa factura, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a) Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada.





*b) Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.*

*c) Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.*

*d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 1.000,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021 de 9 de xullo, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante xustificante bancario co selo da Entidade bancaria. No resto dos casos o pago acreditarase por calquera dos seguintes medios: certificados do proveedor, factura simplificada ou de caixa, indicación na factura do pago asinado pola persoa responsable co seu nome e apelidos e/ou DNI ou, por transferencia bancaria co selo bancario.*

*Aceptaranse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade. Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descrición do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.*

*Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrados directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.*

***IMPORTANTE:*** *Tendo en conta que a presentación telemática impide a presentación de orixinais ou copias compulsadas, a Fundación de Deportes, a través do persoal correspondente, poderá solicitar a presentación física das facturas orixinais e xustificantes de pago orixinais presentados, aos efectos do cotexo de datos.*

**9.3 Anexo IV.-** *No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante, onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na Fundación de Deportes. O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.”*



#### **D.- Outros:**

- **1ª.Resolución con data 11/11/2025-**“1.-Autorización á Federación Galega de Fútbol a cesión dunha portería de fútbol 11, para os adestramentos da Selección Española de Fútbol Sub 17 que se van a levar a cabo no Concello da Illa de Arousa os vindeiros días 14 e 15 do presente mes, facéndose cargo do transporte da cita portería o Concello da Illa de Arousa.
- **2ª.Resolución con data 12/11/2025** -“1.-Remisión da solicitude da Asociación Ares Arousa, EXP:DEPORT/2025/000504, de autorización para levar a cabo unhas rutas a cabalo por diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como pola praia da Compostela, os vinderios domingos 23 de novembro e 7 de decembro do presente ano á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.  
2.- Comunicarlle á citada asociación que deberá indicar na maior brevidade posible as rúas polas que efectuará as rutas e o número de participantes nas mesmas. Así como, indicarlle que as rutas deberán ir acompañadas con vehículo diante e detrás, con luz de emerxencia para garantir a seguridade dos participantes.  
3.- Indicaselles que deberán deixar os itinerarios de ruta recollidos e limpos da suciedade que se poida xerar durante o desenvolvemento das mesmas.

#### **Mes de Decembro:**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª.Resolución con data 05/12/2025-**“1.- Autorización á Federación Galega de Baloncesto, o uso do Pavillón Municipal Castela, para a celebración do “CLINIC DE ÁRBITROS DE BALONCESTO” que se vai levar a cabo o vindeiro día 3 de xaneiro do ano 2026, en horario de 10:00-14:00 horas.  
2.- Comunicáselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.  
3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal





de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...

- **2ª.Resolución con data 17/12/2025-**"1.- Autorización a Federación Galega de Baloncesto o uso do uso da sala de prensa ubicada no Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa co motivo da organización dos caledarios de competición da categoría junior da delegación arousana de baloncesto, o vindeiro día 22 de decembro do presente ano en horario de 17:00-18:30 horas.

Indícaselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condición en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

2.- Indiarlle que deberán ter unha persoa responsable no deseenvolvemento das citadas reunión durante o uso da devandita instalación.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...

- **3ª.Resolución con data 17/12/2025-**"1.- Autorización á Federación Galega de Rugby, o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do adestramento da Selección Galega de Rugbi M16 masculina, que se vai levar a cabo o vindeiro día 3 de xaneiro de 2026 en horario de 11:30 a 13:30 e de 15:30 a 17:30 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013, así como a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.



- 4.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...
- **4ª.Resolución con data 18/12/2025-**"1.- Autorización ao Club Vilarousa Ximnasia, o uso do Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do FESTIVAL DE NADAL DE XIMNASIA RÍTMICA, o vindeiro día 3 de xaneiro do ano 2026.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.
- 3.- Aprobar a realización do transporte do tapiz dende o Pavilón Municipal da Torre ata o Pavillón nº 1 do Complexo deportivo Municipal de Fontecarmoa e posterior recollida unha vez rematado o evento, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.
- 4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
- . Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de son.
- 5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
- 6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
- 6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.
  - 6.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).





6.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...

- **5ª.Resolución con data 29/12/2025-**“1.- Autorización ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso do Pavillón Municipal Castelao, para levar a cabo os adestramentos de nadal, os días e horarios que a continuación se indican:

|            |  |
|------------|--|
| 29/12/2025 | 11:00-13:00 horas                        |
| 30/12/2025 | 11:00-13:00 horas e de 18:00-21:30 horas |
| 2/01/2026  | 11:00-13:00 horas e de 18:00-21:30 horas |
| 5/01/2026  | 11:00-13:00 horas                        |
| 7/01/2026  | 11:00-13:00 horas                        |

Non se pode autorizar o uso da citada instalación nos horarios solicitados o día 5 de xaneiro do ano 2026 de 18:00 a 21:30 horas, dado que está autorizado o seu uso a outro Club/Endidade Deportiva.

Así como, indicaselles non e posible acceder a solicitude dos días 8 e 9 de xaneiro do ano 2026 en horario de 11:00-13:00 horas, dado que a instalación está ocupada con actividades programadas da Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole.



Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.

### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª.Resolución con data 04/12/2025-**“1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan, a realización dalgúns dos servizos e subministración derivados da celebración do CAMPIONATO GALEGO DE MEDIO MARATÓN CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA, EDICIÓN 2025, aprobados os seus gastos pola Resolución do Sr. Presidente con data 25/09/2025, a través de Contratos Menores de Servizos e Subministración, por importe total **2.373,67 €** (IVE engadido) co seguinte desglose:

| PROVEEDOR                      | CIF/NIF     | COCEPTO                       | TOTAL      | PARTIDA    |
|--------------------------------|-------------|-------------------------------|------------|------------|
| D.Alberto Rey Silva            | 35.468.615Q | Servizo de speaker            | 248,05 €   | 342-226,09 |
| Distribuciones Froiz, S.A.U.   | A-36036739  | Avituallamento                | 1.500,00 € | 342-226,09 |
| Baygar, S.L.                   | B-12019659  | Aluguer extra de valadas      | 544,50 €   | 342-226,09 |
| MGS Seguros e Reaseguros, S.A. | A-08171373  | Seguro accidentes voluntarios | 81,12€     | 342-224,00 |
| TOTAL                          |             |                               | 2.373,67 € |            |

- **2ª.Resolución con data 05/12/2025-**“1.- Autorización a D. Juan Miguel Doval Blanco, Director Deportivo da Fundación de Deportes, a asistencia a actividade de formación “6º CONGRESO INTERNACIONAL TURISMO E DEPORTE SPORTUR 2025”, que se vai levar a cabo en Expourense os días 11 e 12 de decembro do presente ano.  
2.- Aprobar os gastos de locomoción e dietas que a continuación se relacionan derivados da asistencia ao citado congreso, por importe total de 153,46 €, co seguinte desglose:

| CONCEPTO             | IMPORTE  | PARTIDA    |
|----------------------|----------|------------|
| Gastos de locomoción | 134,76 € | 342-231,20 |
| Dietas/manutención   | 18,70 €  | 342-230,20 |
| Total                | 153,46 € |            |

Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos.

- **3ª.Resolución con data 09/12/2025-**“1.-Adxudicación á empresa RANKING LA TIENDA DEL DEPORTE S.L a adquisición de de material deportivo para o desenvolvemento das Actividades Deportivas para Adultos que oferta a Fundación de Derportes incluídas





no Proxecto de Actividades Físico Deportivas de Adultos, para o curso 2025/26, aprobado o seu gasto polo Consello Reitor con data 10/09/2025, por importe total de 2.182,38 € (IVE engadido).

### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª.Resolución con data 01/12/2025-**“1.- Aprobación a devolución a favor de Dna. Dolores Santos Cerneira, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo  $\geq$  65 anos, por importe total de 10,00 €, con cargo á partida 343,00.  
2.- Aprobar a devolución a favor de D. Manuel Barrerio Fernández, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo  $\geq$  65 anos, por importe total de 15,00 €, con cargo á partida 343,00.  
3.-Aprobar a devolución a favor de Dna. Yolanda María Terán Búa, do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 45,00 €, con cargo á partida 343,00.  
4.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Maria Josefa Mosteiro Zapata, do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición do 2º Curso de Actividades Físico Deportivas para Adultos, Curso 2024/25, para a actividade de Estiramientos e Relaxación, por importe de 18,00 €, con cargo á partida 343,01.
- **2ª.Resolución con data 18/12/2025-**“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da factura a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., co desglose anteriormente sinalado, correspondente ao consumo dos móbiles da Fundación de Deportes, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesións coa seguinte data 09/12/2025, por importe total de 124,22€, con cargo á partida 341-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.
- **3ª.Resolución con data 23/12/2025-**“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga do 20% da subvención concedida a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que comprobada a súa documentación xustificativa, presentan correctamente a súa documentación de acordo ás devanditas bases, con cargo á partida 342-483,00:





| Nº EXP. | CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS                       | CIF       | PUNTUACION | PTO.  | 100%         | 80%                | 20%         |
|---------|---|-----------|------------|-------|--------------|--------------------|-------------|
| 194     | CLUB DEPORTIVO PEREZ-SUB                          | G15780455 | 37         | 27,05 | 1.000,85 €   | 800,68 €           | 200,17 €    |
| 197     | CLUB DEPORTIVO BAMIO                              | G36238798 | 66         | 27,05 | 1.785,30 €   | 1.428,24 €         | 357,06 €    |
| 203     | BASKET BASE CLUB                                  | G36053536 | 202        | 27,05 | 5.464,10 €   | 4.371,28 €         | 1.092,82 €  |
| 205     | CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCIA              | G94093721 | 121        | 27,05 | 3.273,05 €   | 2.618,44 €         | 654,61 €    |
| 206     | CLUB NATACION VILAGARCIA                          | G36475234 | 80         | 27,05 | 2.164,00 €   | 1.731,20 €         | 432,80 €    |
| 217     | ASOCIACION CLUB DE BALONMAN AROUSA                | G94186038 | 108        | 27,05 | 2.921,40 €   | 2.337,12 €         | 584,28 €    |
| 221     | ADC VILAGARCIA ESGRIMA                            | G94048733 | 99         | 27,05 | 2.677,95 €   | 2.142,36 €         | 535,59 €    |
| 229     | ASOCIACION DEPORTIVA CORTEGADA                    | G36059202 | 198        | 27,05 | 5.355,90 €   | 4.284,72 €         | 1.071,18 €  |
| 230     | CLUB CICLISTA XIABRE                              | G36186047 | 5          | 27,05 | 135,25 €     | 108,20 €           | 27,05 €     |
| 234     | CLUB XADREZ FONTECARMOA                           | G36404572 | 180        | 27,05 | 4.869,00 €   | 3.895,20 €         | 973,80 €    |
| 240     | CLUB SAN MARTIN VILAXOAN                          | G36117224 | 164        | 27,05 | 4.436,20 €   | 3.548,96 €         | 887,24 €    |
| 241     | CLUB BALONCESTO VILAGARCIA                        | G36295681 | 150        | 27,05 | 4.057,50 €   | 3.246,00 €         | 811,50 €    |
| 242     | CLUB AROSA SOCIEDAD CULTURAL                      | G36026680 | 287        | 27,05 | 7.763,35 €   | 6.210,68 €         | 1.552,67 €  |
| 243     | CLUB AGRUPACIÓN ATLETICA MAZI                     | G94021326 | 125        | 27,05 | 3.381,25 €   | 2.705,00 €         | 676,25 €    |
| 244     | BTT CASTROBIKES                                   | G94114899 | 7          | 27,05 | 189,35 €     | 151,48 €           | 37,87 €     |
| 245     | CLUB VILAGARCIA SOCIEDAD DEPORTIVA                | G36173870 | 201        | 27,05 | 5.437,05 €   | 4.349,64 €         | 1.087,41 €  |
| 246     | CLUB VILAROSA XIMNASIA                            | G94153442 | 91         | 27,05 | 2.461,55 €   | 1.969,24 €         | 492,31 €    |
| 247     | CLUB BALONCETO EL DOCE                            | G36359859 | 11         | 27,05 | 297,55 €     | 238,04 €           | 59,51 €     |
| 248     | ATLETICO FAXILDE CF VILAGARCIA                    | G36187482 | 12         | 27,05 | 324,60 €     | 259,68 €           | 64,92 €     |
| 250     | CENTRO EDUCATIVO POLIDEPORTIVO EDUCACION ESPECIAL | G36234037 | 52         | 27,05 | 1.406,60 €   | 1.125,28 €         | 281,32 €    |
| 251     | ESCOLA FUTBOL SALA SALNES                         | G94085453 | 92         | 27,05 | 2.488,60 €   | 1.990,88 €         | 497,72 €    |
| 253     | CLUB TENIS DE MESA VILAGARCIA                     | G94127768 | 44         | 27,05 | 1.190,20 €   | 952,16 €           | 238,04 €    |
| 254     | CLUB ATLETICO VILAXOAN                            | G94175692 | 13         | 27,05 | 351,65 €     | 281,32 €           | 70,33 €     |
| 255     | CLUB DE REMO VILAXOAN                             | G36205698 | 20         | 27,05 | 541,00 €     | 432,80 €           | 108,20 €    |
| 256     | CLUB ATLETICO AROUSANA                            | G36300655 | 96         | 27,05 | 2.596,80 €   | 2.077,44 €         | 519,36 €    |
| 257     | ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D.                  | G94046323 | 149        | 27,05 | 4.030,45 €   | 3.224,36 €         | 806,09 €    |
| 259     | CLUB KENPO VILAGARCIA                             | G36576353 | 199        | 27,05 | 5.382,95 €   | 4.306,36 €         | 1.076,59 €  |
| 262     | CLUB OLIMPIC VILAGARCIA                           | G36373140 | 108        | 27,05 | 2.921,40 €   | 2.337,12 €         | 584,28 €    |
| 264     | CLUB TRIATLON VILAGARCIA                          | G94091493 | 18         | 27,05 | 486,90 €     | 389,52 €           | 97,38 €     |
| 267     | INGLESES RUGBY CLUB                               | G36101251 | 122        | 27,05 | 3.300,10 €   | 2.640,08 €         | 660,02 €    |
|         |   |           | 3057       |       | 82.691,85 €  | 66.153,48 €        | 16.538,37 € |
|         |   |           |            |       | <b>SUBV.</b> | 86.526,35 €        |             |
|         |   |           |            |       | <b>RESTA</b> | <b>-3.834,50 €</b> |             |

2.- Non procede o recoñecemento e obriga do 20% da subvención concedida aos Clubes/Entidades Deportivas que se indican a continuación e polos seguintes motivos:

- Club Puragüismo Vilagarcía dado que presentou a documentación fóra dos prazos establecidos conforme o apartado 10.2 das bases da convocatoria.
- Motoclub VFM: dado que presentou a documentación fóra dos prazos establecidos conforme o apartado 10.2 das bases da convocatoria.
- Club Trotacumes: dado que non presentaron a Conta Xustificativa da Subvención.
- Motoclub SQeM: dado que non presentaron a Conta Xustificativa da Subvención.

3.- Iniciar expediente de reintegro de pago do anticipo do 80% da subvención concedida que percibiron os Clubes/Entidades Deportivas indicados no parrafo anterior, dado que non cumpren cos prazos establecidos da presentación da Conta Xustificativa ou ben non presentaron a mesma para xustificar a subvención.”

## **D.- Outros:**





- **1ª.Resolución con data 09/12/2025-**“1.- Autorización ao Club San Martín o uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán para a celebración da Fase Previa do V TORNEO RAMIRO CARREGAL SOCCER CUP, que se vai levar a cabo o vindeiro día 27 de decembro do presente ano de 8:00 a 22:00 horas.

Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

2.- Aprobar a cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello (4 fly banners e un arco hinchable) e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación e reparación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

3.- Trasladar ao servizo de Obras as necesidades de colaboración coa cesión de mesas con bancos para a habilitación dunha zona de descanso para os deportistas de 30m<sup>2</sup> no CFM de Vilaxoán, así como tres mesas e oito cadeiras para a zona de recepción dos xogadores, para a súa aprobación se procede.

4.- Conceder 2 trofeos da remesa existente na Fundación de Deportes, para a entrega de premios, un para o campión e outro para o subcampión.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para o evento.

6.2) A póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento, ou no seu caso o certificado da federación correspondente conforme o evento e de carácter oficial e os participantes están cubertos polas licenzas deportivas, así como os deportistas que veñan doutras Comunidades Autónomas.

No caso de equipos extranxeiros, deberán presentar o seguro de accidentes correspondente.

6.3) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o



período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

6.4) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.5) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6.6) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...

- **2ª.Resolución con data 17/12/2025**-“1.-Trasladar a solicitude da Asociación Ares Arousa da necesidade de colaboración coa cesión de 7 mesas e 70 cadeiras ao departamento de obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, pola celebración dunha xornada formativa, nas súas instalacións de Vilagarcía de Arousa, o vindeiro día 20 de decembro do presente ano, para a súa aprobación se procede.
- **3ª.Resolución con data 23/12/2025**-“1.- Aprobación a anulación dos sobrantes das aprobacións de gastos e adxudicacións dos expedientes anteriormente sinalados, por importe total de 2.040,85 €, co seguinte desglose:

| <b><u>Nº OPERACIÓN</u></b> | <b><u>FASE</u></b> | <b><u>IMPORTE</u></b> | <b><u>PARTIDA</u></b> |
|----------------------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| 220249000001               | A                  | 547,40 €              | 342-226,09            |





|                     |   |                |            |
|---------------------|---|----------------|------------|
| 220249000002        | A | 1.073,00 €     | 342-227,00 |
| 220250000075        | A | 400,00 €       | 342-226,09 |
| 220250001286        | A | <u>20,45 €</u> | 342,483,00 |
| Importe Total ..... |   | 2.040,85 €     |            |

### Mes de Xaneiro 2026:

#### A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª.Resolución con data 08/01/2026-**“1.- Autorización aos Mareantes Rugby Club Pontevedra o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa o do mingo 11 de xaneiro do presente ano para xogar un encontro da categoría M14 ás 12:30 horas.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
- 3.- Comunicarlle que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053), sendo según o informe de autorización do Director Deportivo, un total de 12 € por as dúas horas de duración dos encontros na modalidade deportiva de Rubgy. No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunicalo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.
- 4.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...
- **2ª.Resolución con data 12/01/2026-**“1.- Autorización a Os Ingleses Rugby Club, o uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do V TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, categorías M14 e M12, o vindeiro día 9 de maio do presente ano, nos horarios solicitados de 08:30 a 20:00 horas. O uso das citadas instalacións poderá xerar a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, por estar fora da franxa horaria da devandita instalación deportiva.



Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións deportivas e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

2.- Autorizar o uso do bar-cantina da citada instalación, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

1. Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc... en relación ao tema.

2. Cumprimento da lexislación en relación a seguridade alimentaria, debendo presentar a seguinte documentación:

a) Certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da citada lexislación, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

b) Certificado de Manipulación de Alimentos, no caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de reserva de aparcadoiro de espazos públicos, para a organización do Torneo e autobuses dos equipos participantes, nas proximidades das instalacións autorizadas, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Aprobar a cesión dun arco de saída e a publicidade institucional da Fundación de Deportes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de obras, a cesión de 8 carpas, 10 mesas e 16 cadeiras e un palco.





- Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
- Concellería de Seguridade Cidadá Departamento da Policía Local, para emisión de informe en relación co peche ao tráfico da Rúa Camilo José Cela ata a entrada ao Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.
- 6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
- 8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
  - 8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.
  - 8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.
  - 8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).
  - 8.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.
  - 8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realízase no recinto



acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...

- **3ª.Resolución con data 14/01/2026-**“1.- Autorización ao Club Atlético Arousana, o uso en do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para para os adestramentos da porteiros alevíns durante a tempada 2025/26 todos os venres a partir as 16:30 horas, recordándolle que o citado clube xa ten autorizado a devandita instalación para os adestramentos da tempada 2025/26 todos os venres de 17:00-18:30 horas, aprobado o horario no Consello Reitor con data 10/09/2026.

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubes ou entidades deportivas é exclusivamente para adestramentos. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

- **4ª.Resolución con data 22/01/2026-**“1.- Autorización a Federación Galega de Baloncesto o uso das Instalacións Deportivas Municipais que a continuación se indican, para a celebración de diversas Fases Finais de baloncesto, nos días e horario dos partidos que a continuación se indican no seguinte horario:

- Fase Ascenso Inverno cadete e infantil masculina e feminina

| DIA           | INSTALACIÓN                 | HORARIO                 |
|---------------|-----------------------------|-------------------------|
| 23/01/26      | 3 pistas do Recinto Fexdega | 16:00-18:00-20:00 horas |
| 24 e 25/01/26 | 3 pistas do Recinto Fexdega | 12:00-16:00-18:00 horas |

- Copa Galicia mini masculina e feminina

| DIAS     | INSTALACIÓN                               | HORARIO           |
|----------|---|-------------------|
| 28/03/26 | Pavillón Sara Gómez<br>do CDM Fontecarmoa | 10:00-12:00 horas |





|          |                            |                               |
|----------|----------------------------|-------------------------------|
|          | Pavillón nº 2              | 10:00-12:00-16:00-18:00 horas |
|          | Pavillón do IES Carril     | 16:00-18:00 horas             |
| 29/03/26 | Pavillón Sara Gómez e nº 2 | 10:00-12:00-17:00 horas.      |

Indícaselle que non se puido autorizar o uso das pistas deportivas do citado recinto para os días indicados anteriormente dado que, nestas datas esta autorizado o seu uso a outro Club/Entidade Deportiva.

Asemade non e posible autorizar as pistas deportivas do Recinto Fexdega para a Fase de Ascenso Junior, Cadete Infantil masculina e feminina, prevista a súa celebración os días 13 e 30 de maio e 20 de xuño do presente ano, dado que non está pechado o calendario de feiras do devandito Recinto, polo que quedarán pendentes de tramitación.

2.- Comunicarlle ao citado federación que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións deportivas e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Indicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento, así como indicarlle que durante o desenvolvemento do evento deberá contar con persoal responsable do evento.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...

- **5ª.Resolución con data 22/01/2026-**“1.- Autorización a Federación Galega de Baloncesto o uso do uso do seminario do Recinto Fexdega, co motivo de organizar unha reunión cos clubs de baloncesto arousáns para cofeccionar os calendarios de competicións das categorías cadetes e infantis, o vindeiro día 26 do presente mes en horario de 17:00-20:00 horas.

Indícaselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condición en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.



- 2.- Indicarlle que deberán ter unha persoa responsable no deseenvolvemento das citadas reunión durante o uso da devandita instalación.
- 3.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...
- **6ª.Resolución con data 29/01/2026-**“1.- Autorización a Federación Galega de Baloncesto o uso das pistas deportivas do Recinto Fexdega, para retomar a celebración das Fases Finais infantil e cadete de baloncesto, os vindeiros días vindeiros días 30 e 31 de xaneiro e 1 de febreiro do presente ano no horario que a continuación se indican, dado que estas fases finais, para as que se tiña autorización, non se puideron celebrar os pasados días 23, 24 e 25 do presente mes por mor da alerta metereolóxica que se decretou para esos días.
- Fase Ascenso Inverno cadete e infantil masculina e feminina
- | ○ N° DE PISTAS | DÍA             | HORARIO                 |
|----------------|-----------------|-------------------------|
| 4 pistas       | 30/01/2026      | 16:00-18:00-20:00 horas |
| 4 pistas       | 31/01-1/02/2026 | 12:00-16:00-18:00 horas |

Indicar que, para a celebración que se tiña prevista para os pasados 23, 24 e 25 e xaneiro do presente ano, se autorizou unha limpeza extraordinaria da instalación durante o desenvolvemento do evento, dado que o contrato do servizo de limpeza habitual do recinto non contempla nin os festivos nin os fines de semana, polo que este servizo extraordinario de limpeza que non se levou a cabo se realizará os días autorizados nesta resolución para a celebración do evento.

2.- Comunicarlle ao citado federación que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións deportivas e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Indicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes





no devandito evento, así como indicarle que durante o desenvolvemento do evento deberá contar con persoal responsable do evento.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...

#### **D.- Outros:**

- **1ª.Resolución con data 12/01/2026-**"1.- Comunicación ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración das dúas regatas de bateis incluídas na liga galega, os vindeiros días 7 e 8 de febreiro do presente ano, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do equipamento solicitado. Así como, deberán concretar o horario do evento.  
2.- Comunicarlle que previo á celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
  - Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil.
  - Póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, ou no seu caso o certificado da Federación correspondente no que indique que a competición é oficial.
  - Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita proba.3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
  - . Departamento de Obras, a cesión e instalación de dous palcos toldados e 14 valadas.
  - . Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de colaboración na devandita proba.
  - . Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de Megafonía.
- **2ª.Resolución con data 13/01/2026-**"1.- Aprobación da coorganización con Federación Galega de Dano Cerebral, para a celebración dos 3ª TRAVESÍA A NADO POLO DANO CEREBRAL, o vindeiro día 11 de xullo do presente ano, que se vai levar a cabo na Praia do Preguntoiro en Vilaxoán.  
2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado o Club/Entidade Deportiva solicitante e a Fundación de Deportes, con dous representantes





de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.

3.- Nomear como representantes do citado Comité por parte da Fundación de Deportes a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo e Dna. Fátima Núñez Fabeiro, Técnico Deportivo.

4.- Comunicar á devandita Federación que deberá, na maior brevidade posible, indicar que representantes formarán parte do citado Comité.

## **Mes de Febreiro:**

### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª.Resolución con data 04/02/2026-** “1.- Remisión da solicitude do Club Arousa Bike BTT de autorización da proba 3 HORAS DE RESISTENCIA incluída na Copa Galicia de resistencia BTT da Federación Galega de Ciclismo e, que se vai levar a cabo o vindeiro día 15 de febreiro do presente ano en horario de mañá á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Comunicarlle ao club que previo a celebración da proba deberá presentar os permisos da Consellería de Medio Rural e da Comunidade de montes de Cea, conforme autorizan o desenvolvemento da mesma, indicando que o citado club xa presentou o certificado da Federación Galega de Ciclismo.

3.- Aprobar a cesión do arco hinchable, publicidade institucional e rolos de balizaxe para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

.-Departamento de Obras, a cesión de 150 valadas, 12 carpas, 14 mesas, 20 cadeiras e a colaboración co traslado (recollida e posterior devolución) dunha caseta destinada a





duchas para as mulleres, que se recollerá na empresa Baygar, S.L., así como co persoal necesario para realizar a instalación de fontanería na mesma.

.-Departamento de electricidade, a colaboración coa conexión de corrente nas casetas que se van a utilizar como duchas-vestiario.

.-Servizo de medion ambiente, a colaboración coa limpeza da maleza e terreo da zona de entrega de premios, da zona da saída e da meta, así como do Campo de Fútbol de Castragudín que se vai a destinar a zona de aparcamento para os participantes na proba.

Indicar que, aínda que non foi solicitado polo club, se dará traslado ao departamento da Policía Local e ao Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, para a colaboración coa súa presenza durante a saída e chegada dos participantes durante o desenvolvemento da proba.

5.- Comunicaselle que non é posible acceder a solicitude de adquisición do avituallamento para a proba (300 augas e bebida isotónica), dado que se entende que es un gasto que lle corresponde asumir a o organizador do evento.

Así como indicarlle que, non e posible realizar aportación económica á Asociación de Disminuídos Psíquicos con Eles, pola elaboración da bolsa de agasallo que se lle entregaría a cada participante do evento, dado que non pode emitir a factura con relación ao citado gasto.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.2) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade



para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.”

- **2ª.Resolución con data 06/02/2026-** “1.- Autorización á ANPA A Escardia do CEIP A Escardia, o uso en precario do Pavillón Municipal de Guillán, para levar a cabo os ensaios da comparsa e entroido os días e horario que a continuación se indica:

| <b><u>DIAS</u></b> | <b><u>HORARIO</u></b>                    |
|--------------------|--|
| 07/02/2026         | 10:00-14:00 horas e de 17:00-21:00 horas |
| 08/02/2026         | 10:00-14:00 horas                        |

Indicaselles que na maior brevidade posible deberán concretar o horario de uso da citada instalación.

2.- Comunícaselles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunícaselles que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”





- **3ª.Resolución con data 23/02/2026-** “1.- Autorización á Federación Galega de Rugby, o uso do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, para a celebración do adestramento da Selección Galega de Rugbi M16 masculina, que se vai levar a cabo o vindeiro día 28 de febreiro de 2026, en horario de 11:00 a 13:30 horas.  
2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.  
3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013, así como a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.  
4.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,…”
- **4ª.Resolución con data 23/02/2026-** “1.- Autorización ao Club Vilagarcía S.D. o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón para os adestramentos do seu equipo Genuine, formado por deportistas con discapacidade, todos os martes da tempada 2025/26 en horario de 17:30 a 19:00 horas, co obxectivo de prepararse para a competir en A Nosa Champion Fútbol.  
2.-Comunicaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.  
3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para actividades de calquera outra índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.  
4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”
- **5ª.Resolución con data 25/02/2026-** “1.- Autorización ao Club Vilagarcía S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do III TORNEO PREBENXAMÍN VILAGARCIA, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, de 07:30-22:00 horas. O que xenerará a realización de horas extraordinarias dun operario-



zo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol, conforme ao informe solicitado á Concelaría de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Aprobar a cesión da publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento de obras, a cesión de 6 carpas, 6 mesas e 100 valadas

- . Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Conceder 3 trofeos para os tres primeiros equipos clasificados do Torneo, para os que se solicitou presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA S.L., por importe de 39,50 € (IVE engadido).

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento ou o Certificado da Federación correspondente conforme o evento e oficial.

8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante





todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **6ª.Resolución con data 25/02/2026-** "1.- Autorización ao Club Vilagarcía S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do III TORNEO BENXAMÍN VILAGARCIA, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 07:30-22:00 horas. O que xenerará a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.



2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol, conforme ao informe solicitado á Concelaría de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Aprobar a cesión da publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento de obras, a cesión de 6 carpas, 6 mesas e 100 valadas
- . Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Conceder 3 trofeos para os tres primeiros equipos clasificados do Torneo, para os que se solicitou presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA S.L., por importe de 39,50 € (IVE engadido).

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento ou o Certificado da Federación correspondente conforme o evento e oficial.

8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.





8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª.Resolución con data 06/02/2026-** "1.- Adxudicación a D. JOSE RAÑA CARNOTA con DNI 44822349H, a execución con carácter urxente dun recebado e picado extraordinario no terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, para ter o citado terreo de xogo en boas condicións de uso de cara as vindeiras xornadas de liga programadas da tempada 2025/26, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe de 4.184,30 €. (I.V.E. engadido), con cargo á partida 342-227,9902."
- **2ª.Resolución con data 06/02/2026-** "1.- Adxudicación a empresa BAÑOS PRINT S.L. con CIF B-36252872, a adquisición de 300 talonarios de rexistro de control e cobro polo uso das instalacións deportivas municipais, dado que os citados talonarios se



atopan esgotados, a través dun contrato Menor de subministración, por importe de 2.940,30 €. (I.V.E. engadido), con cargo á partida 342-220,00.”

- **3ª.Resolución con data 06/02/2026-** “1.- Aprobación da limpeza extraordinaria das dependencias do Recinto Fexdega, pola celebración da Fase de Ascenso Inverno Cadete e Infantil masculina e feminina de Baloncesto os pasados 30, 31 de xaneiro e 1 de febreiro do presente ano.  
2.- Adxudicar á empresa CLECE, S.A. (empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), a execución da citada limpeza extraordinaria, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 220,40 € (I.V.E. engadido).”
- **4ª.Resolución con data 06/02/2026-** “1.- Aprobación da limpeza extraordinaria e desinfección da parte deportiva do Centro Socio Cultural Deportivo de Vilaxoán, dado que se nas últimas datas se veñen producindo no persoal do club que usa as mesmas brotes de enfermidades infecciosas e altamente contaxiosas e, tendo en conta que o vineiro fin de semana 14 e 15 de febreiro do presente ano, se teñen programadas dúas regatas de bateis cun alto índice de participantes que van a facer uso da mesma, e necesario ter a instalacións nas mellores condicións de uso para evitar na medida do posible calquer foco infeccioso.  
2.- Adxudicar á empresa CLECE, S.A. (empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), a execución da citada limpeza extraordinaria e desinfección, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 194,73 € (I.V.E. engadido).”
- **5ª.Resolución con data 12/02/2026-** “1.- Adxudicación á empresa PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U.( adxudicataria do anterior contrato), a través dun contrato Menor de Servizos, a realización do mantemento preventivo fronte a Legionelose das instalacións de auga quente sanitaria (con duchas) das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, para o ano 2026, conforme ao Real Decreto 487/2022, do 21 de xuño, por un importe total de 14.883,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-227,9902 para a relación da instalacións deportivas anteriormente citadas.





| <b>Dependencias da FPSDM</b>   |
|--|
| <i>Complexo Deportivo Fontecarmoa – Pavillón nº 1</i>                    |
| <i>Complexo Deportivo Fontecarmoa – Pavillón nº 2</i>                    |
| <i>Estadio de Atletismo - Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez</i>   |
| <i>Pavillón Municipal de Castelao-Helena Mariño</i>                      |
| <i>Pavillón Municipal de Faxilde</i>                                     |
| <i>Pavillón Municipal de A Torre</i>                                     |
| <i>Pavillón Municipal de Carril</i>                                      |
| <i>Pavillón Municipal de Guillán</i>                                     |
| <i>Campo de Fútbol Municipal de Bamio</i>                                |
| <i>Campo de Fútbol Municipal de Berdón</i>                               |
| <i>Campo de Fútbol Municipal de A Lomba e Vestiarios Anexos</i>          |
| <i>Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán e Vestiarios Anexos (novos)</i> |
| <i>Campo de Fútbol Municipal A Pelada</i>                                |
| <i>Club de Remo de Vilaxoán</i>  |
| <i>Nave do Puerto (Novas Instalacións Usos Náuticos)</i>                 |

- **6ª.Resolución con data 12/02/2026-** “ 1.- Aprobación da adquisición de 27 ramos de flores para a entrega de premios aos participantes no Campionato Galego de 3 horas de Resistencia BTT, organizado polo Club Arousa Bike, que se vai levar a cabo o vindeiro día 15 do presente mes, conforme a Resolución do Sr. Presidente con data 04/02/2026.  
2.- Adxudicar á Dna. Mª del Carmen Miguens Navia con DNI 35.449.286-F, a adquisición dos citados ramos, a través dun Contrato Menor de Subministración, por importe total de 594,00 € (I.V.E. engadido).”
- **7ª.Resolución con data 12/02/2026-** “1.- Aprobación do aluguer dunha caseta para usar como almacén no Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, dado que as dependencias utilizadas para tal fin, sufriron desperfectos no tellado por mor das inclemencias meteorolóxicas do pasado 23/01/2025, polo que se tivo que gardar o material provisionalmente nos vestiarios quedando estes inutilizados. A duración do aluguer da citada caseta será por un período de dous meses, tempo no que se realizarán as obras de reparación das dependencias dañadas.  
2.- Adxudicar á empresa BAYGAR, S.L. o aluguer da citada caseta, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 482,79 € (IVE engadido) polos dous meses.”



#### **D.- Outros:**

- **1ª.Resolución con data 19/02/2026-** “1.- Aprobación da coorganización con Special Olympics Galicia, para a celebración da 31º XOGOS AUTONÓMICOS DE DEPORTES MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 7 de marzo do presente ano, que se vai a levar a cabo no Recinto Feiral de Fexdega.  
2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado a devandita entidade deportiva e a Fundación de Deportes, con un representante de cada entidade e, o que propoñerá a aprobación dun orzamento de gastos e a designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.”

Interven a Sra. Marta Ferradáns que quere coñecer o motivo da limpeza extraordinaria do Centro Deportivo de Vilaxoán.

O Director Deportivo indica que houbo unha incidencia con un remero polo uso do vestiario e o concello decidiu facer unha limpeza extraordinaria.

Tras as aclaracións oportunas o Consello Reitor queda sabedor.

#### **3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS BASES DE SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, EXERCICIO 2026, REALIZADAS DURANTE O ANO 2025.**

Pola Sra. Secretaria Xeral presentanse as bases de Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, exercicio 2026, realizadas durante o ano 2025, para a súa toma de coñecemento e posterior aprobación das mesmas por Resolución do Sr. Presidente.

O Consello Reitor non fixo ningunha alegación e queda sabedor.

#### **4.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS BASES DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2026, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2024/25 OU, ANO 2025.**

Pola Sra. Secretaria Xeral presentanse as bases de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2026, correspondente á tempada 2024/25 ou, ano 2025, para a súa toma de coñecemento e posterior aprobación das mesmas por Resolución do Sr. Presidente.





O Consello Reitor non fixo ningunha alegación e queda sabedor.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS NORMAS “PREMIOS ANUAIS Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL” E DESIGNACIÓN DO XURADO PARA A SÚA ELECCIÓN, NA GALA DA XXXIII EDICIÓN DA FESTA LOCAL DO DEPORTE, ANO 2026.**

Pola Sra. Secretaria Xeral dáse conta da proposta do Sr. presidente relativa á aprobación das Normas e o nomeamento do Xurado para a elección da/o MELLOR DEPORTISTA LOCAL, tempada 2024/25 ou ano 2025, que se celebrará na Gala do Deporte da XXXIII Edición da Festa Local do Deporte

Polo Sr. presidente dase unha breve explicación da citada proposta e donde indica que prazo de presentación das candidaturas no modelo de proposición que estará a disposición da cidadanía na sede electrónica do Concello coas as normas/criterios para deben cumprir os candidatos propostos cun prazo de de presentación da citado modelo do será do **16 de marzo ao 5 de abril de 2026**, ambos inclusive, podendo presentar o citado modelo de proposición a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30010, “PREMIOS ANUAIS Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL, TEMPADA 2024/25 OU ANO 2025”, no REXISTRO ELECTRÓNICO ou , se presenta unha persoa física poderá realizalo a través da Sede Electrónica conforme o apartado anterior ou no Rexistro da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa (Recinto Fexdega).

A data na que se ten prevista a celebración da Gala sería o 24 de abril do presente ano.

Tras a intervención do Sr. Presidente, o Consello Reitor por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar as Normas e Modelo de Proposición para PREMIAR Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL TEMPADA 2024/25 OU ANO 2025.

2.- Designar como Coordinador da XXXIII FESTA LOCAL DO DEPORTE a D. Juan Miguel Doval Blanco (Director Deportivo).

3.- Nomear como Xurado para a Elección da/o Mellor Deportista Local, tempada 2023/24 o ano 2024 conforme á cláusula quinta das devanditas normas e a proposta do Sr. presidente e membros do Consello Reitor, ás seguintes persoas:

- Presidente: D. Carlos Coira Lojo (presidente da Fundación de Deportes)
- Vogais: D. Juan Miguel Doval Blanco (director Deportivo)
- Dna. Marta Ferradáns Padín (membro do Consello Reitor)





- D. Ángel Francisco Vilas Fernández (presidente do Consello Consultivo)
- D. Gonzalo Salgado (periodista dos Medios de Comunicación do ámbito deportivo)
- Dna. Sandra Estrada Fernández (adestrador/a, árbitro ou deportista en activo Local)
- Secretaria Xeral: Dna. M<sup>a</sup> Rosa Losada Suárez (secretaria da Fundación de Deportes).

E nomease a dous suplentes dos vogais do devandito Xurado (entre persoas coñecedoras do mundo do deporte), 1<sup>a</sup> suplente: D. Jose Luís Peso Teodosio (membro do Consello Consultivo) Dna. Tania García Sanmartín (Tenente alcalde do Cocello)

4.- Os restantes membros do Consello Reitor poden asistir a xuntanza do xurado con voz pero sin voto.

5.- Aprobar como data de celebración da Gala da XXXII EDICIÓN DA FESTA LOCAL DO DEPORTE o vindeiro día 24 de abril do presente ano.

#### **6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS DURANTE O ANO 2025.**

Polo Sr. director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2025.

Finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2025 e remiti-la ao Pleno-Concello, para a súa ratificación, se procede.

#### **7.- APROBACION SE PROCEDE DO CONVENIO ECONÓMICO DO CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: VILAGARCÍA VOLEIBOL CLUB.**

Polo señor Presidente preséntase borrador do convenio económico co Club Vilagarcía Voleibol Club, con CIF G-22503460, para a utilización das instalacións deportivas municipais, cunha redución do 100% nas tarifas do Acordo Regulador N<sup>o</sup> III.5 do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais de Vilagarcía de Arousa e outros servizos. O Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar o convenio económico co citado clube.

#### **8.- APROBACIÓN NSE PROCEDE DO CONVENIO ECONÓMICO CO CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: CLUB GYUNHYEONG DOJANG.**





Polo señor Presidente preséntase borrador do convenio económico co Club Gyunhyeong Dojang, con CIF G-22722870, para a utilización das instalacións deportivas municipais, cunha redución do 100% nas tarifas do Acordo Regulador N° III.5 do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais de Vilagarcía de Arousa e outros servizos.

O Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar o convenio económico co citado clube.

### **9.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Inicia turno de rogos e preguntas o Sr. Presidente indicado o seguinte:

1.- No relativo as subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2025, non procede a concesión da mesma a catro dos clubes que presentaron a solicitude, polos motivos que a continuación se indican:

- Club BTT Trotacumes por non presentar a Conta Xustificativa da subvención concedida.
- Motoclub SQeM por non presentar a Conta Xustificativa da subvención concedida.
- Motoclub VFM, por presentar a Conta Xustificativa fóra dos prazos establecidos nas bases da convocatoria.
- Club Piragüismo Vilagarcía: por presentar a Conta Xustificativa fóra dos prazos establecidos nas bases da convocatoria.

Indicar que este último club presentou recurso de alzada ao Concello, o cal foi desestimado.

2. Exposición das obras solicitadas a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra enmarcadas no Plan da Deputación, que foron as seguintes:

- Cambio das luces existentes en diversas instalacións deportivas municipais, por luces led para o aforro enerxético, cunha inversión de 180.000,00 €.
- Reparación dos muros dos Campos de Fútbol Municipal da Pelada e Vilaxoán, así como a ampliación da cuberta na Pelada, cunha inversión de 101.000,00 €.
- Instalación de pantallas publicitarias nos Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.
- Instalación dunha caseta na Pista de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, cunha inversión de 6.600,00 €, así como a instalación de 2 banquillos no Campo de Fútbol do Manuel Jiménez do citado complexo.



- Reparación da cuberta do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, dado que por mor dun temporal de vento a citada cuberta sufriu destrozos, está reparación a asume o seguro da instalación por importe de 17.000,00 €.

- Reparación da pista de atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, obra que xa esta rematada. Pedíuse a homologación da mesma, pero por mor dun problema de iluminación non puido ser, polo que se está a solucionar o asunto.

- Vaise realizar un estudio exhaustivo do problema de entrada de auga no Pavillón Municipal de Carril, para poder darlle solución na maior brevidade posible.

-- Estanse a evaluar as necesidades do Pavillón Municipal Castelao/Helena Mariño en canto estado da pista e vestuarios, entrada de auga,...para o que posteriormente se solicitarán presupostos.

- Interven o Sr. Manuel Abalo Portas indicado que o Campo de Fútbol Municipal A Lomba esta un pouco abandonado, no relativo o mantemento da instalación, gradas da cuberta deterioradas, baños en malas condicións,...facendo fincapé en que se teña en conta o exposto para vindeiras reparacións.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

